

Expediente N.º 994/2019

Asunto: contratación por procedemento aberto simplificado para Contrato de subministración: “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano” Plan único 2019.

DATA: 17 de decembro de 2019 (martes) , ás 9:45 horas.

LUGAR: Salón de sesións desta Casa Consistorial.

ASISTENTES:

Presidente: Francisco Cajoto Caserío, alcalde-presidente do Concello de Foz.

Vogais: Antía Pena Dorado, secretaria da Corporación.

Yolanda González Rodríguez, interventora da Corporación.

Ramón Rodríguez Paleo, capataz municipal.

Secretaria: Ana María Pérez Moreda, auxiliar de secretaría do Concello de Foz.

Obxecto: comprobación da xustificación da baixa temeraria e posterior valoración das ofertas presentadas para o Lote 2 (Subministración de vallas).

Reunidos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, o día 17 de decembro de 2019, ás 9:45 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a comprobación da xustificación da baixa temeraria e posterior valoración das ofertas presentadas para o Lote 2 (subministración de vallas) presentados polas empresas participantes no proceso para o contrato de subministración “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano. Plan único 2019”.

Tras a constitución da Mesa, a secretaria procede á lectura do informe do técnico municipal “sobre xustificación de oferta en presunción de anormalidade polo seu baixo importe da entidade OSEGA XXV S.L. para contratar mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto a subministración de vallas (lote 2) con destino a actos culturais do Concello de Foz.


Que na documentación presentada xustifícase todos os prezos do prego de licitación elaborado, xustificando o prezo de cada elemento simple en base aos prezos ofertados polos subministradores de materiais, aportando as correspondentes cartas de compromiso de subministración firmados por estes.

Que a xustificación de prezos realizada é adecuada e resulta suficiente para xustificar a baixa na oferta que presenta a empresa OSEGA XXV S.L.”

Unha vez visto o informe, a mesa acorda aceptar a oferta da empresa OSEGA XXV S.L. co voto particular da secretaria e a interventora que indican que aínda que aceptan o informe do técnico, da documentación presentada por OSEGA XXV S.L. despréndese que o proveedor será Talleres Torneiro S.A, circunstancia que puido afectar ao bo discurrir da licitación, dado que poden deducirse certos indicios de connivencia entre as dúas empresas, circunstancia que non se produce dado que da valoración das ofertas ningunha das dúas empresas resulta adxudicataria.

A continuación a mesa procede a valorar as ofertas presentadas para o Lote 2, de acordo co apartado 19 do Anexo I do PCAP:

“Pluralidade de criterios de adxudicación valorables en cifras ou porcentaxes:





1. **Oferta económica (de 0 a 70 puntos).** A asignación de puntuación, ata un máximo de 70 puntos, realizarase por aplicación da seguinte fórmula:

$$P=70x(of. Mínima)/(of. Valorada)$$

Sendo:

P: puntuación correspondente á proposición valorada

Of. Mínima: importe do contrato ofrecido pola proposición máis vantaxosa economicamente

Of. Valorada: importe do contrato ofrecido pola proposición valorada

2. **Prazo de garantía da subministración (de 1 a 30 puntos).** Valorarase o incremento do prazo de garantía da subministración dos Lotes 1 e 2 respecto do prazo mínimo establecido neste prego, que é de dous anos. A valoración realizarase adjudicando un punto ás ofertas realizadas polo prazo mínimo de 2 anos, e a maior puntuación ao que ofrezca cinco anos. A partir desta última iranse puntuando as demais mediante a criterio de desconto proporcional lineal (regra de tres).

As ofertas presentadas polas empresas de criterios valorables en cifras ou porcentaxes para o LOTE 2 son as seguintes:

Empresa	CIF	Oferta ec unitario(Sen IVE)	Prazo garantía
Talleres Torneiro SA	A27105964	41,10 €	Non amplía
O Segra XXV SL	B27491364	22,94 €	Non amplía
Totcarrer SL	B64956030	35,20 €	60 meses


Vistas as ofertas presentadas, a puntuación obtida por cada unha das empresas é a seguinte:

Empresa	CIF	Oferta ec	Prazo garantía	TOTAL
Talleres Torneiro SA	A27105964	39,07	1	40,07 puntos
O Segra XXV SL	B27491364	70,00	1	71,00 puntos
Totcarrer SL	B64956030	45,62	30	75,62 puntos

Vistas as puntuacións obtidas por cada unha das empresas, a Mesa de Contratación propón á empresa Totcarrer SL. con CIF B 64 956 030 e domicilio en Av. Lluís Companys n-um. 29, 08172 Sant Cugat del Vallés, Barcelona (e-mail: totcarrer@gmail.com), como adxudicataria do Contrato de subministración por procedemento aberto simplificado "Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano. Plan único 2019. Lote 2".

No expediente quedan todas as proposicións presentadas.

O Presidente da por rematada a reunión ás 10:15 horas. E para que quede constancia do





CONCELLO DE
FOZ

tratado, eu, a Secretaria, redacto Acta que someto á firma do Presidente e Vogais; dou fe.

En Foz, a data da sinatura.

FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

ANTÍA PENA DORADO

YOLANDA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

RAMÓN RODRIGUEZ VIZOSO

ANA MARÍA PÉREZ MOREDA

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

